Proxecto de investigación
Estudo da morfoloxía dos peixes, as escamas

As escamas dos peixes proporcionan importante información sobre eles. Hai moitos tipos de escamas visibles todas elas ao microscopio.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.
   Necesitaremos acceso a un microscopio e a distintos tipos de peixes.
2. Buscamos información.
   Que sabemos das escamas? Podemos saber a idade dun peixe polas escamas? E o tipo de peixe?
3. Propoñemos unha hipótese de traballo.
   A nosa hipótese de traballo é que existe relación entre o tipo de escama dun peixe e a forma da aleta caudal.
4. Realizamos un deseño de investigación.
   Imos ao mercado, ou a lonxa, e obtemos mostras de peixes con distintas aletas caudais. De cada peixe interésanos obter un debuxo (ou unha foto) no que se observe a aleta caudal e unha mostra das escamas. Para que o estudo teña algún valor debemos estudar o máximo de especies diferentes que podamos.
5. Resultados da nosa investigación. Cantas escamas diferentes atopamos? Debuxos de peixes e escamas. Existe relación entre o tipo de peixe e as escamas que posúen?
6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.